



Retribucións 2021

www.cig-ensino.gal

Táboas actualizadas a febreiro de 2021

Datos extraídos da Orde de confección de nóminas do persoal ao servizo da Xunta para o ano 2021 (DOG do 15 de febreiro de 2021)

RETRIBUCIÓN BÁSICAS

Concepto	Grupo A2		Grupo A1	
	Mestres nivel 21	PTFP nivel 24	PES nivel 24	Cátedras nivel 26
Salario	€1.050,06	€1.050,06	€1.214,39	€1.214,39
Complemento de destino	€518,33	€638,29	€638,29	€764,54
Complemento específico	€682,18	€682,18	€682,18	€736,92
Titoría e outras funcións docentes	€47,77	€47,77	€47,77	€47,77
Total	€2.298,34	€2.418,30	€2.582,63	€2.763,62
Trienios	€38,12	€38,12	€46,74	€46,74

IPC Galego: Representa o 0,3784%, das retribucións brutas de cada persoa perceptora

Cargos

Tipoloxía de centro	A	B	C	D
Centros de Educación Infantil, Primaria e Educación Especial				
Dirección	€569,72	€515,72	€373,24	€275,96
X. de Estudos e Secretaría	€198,24	€186,27	€180,30	€132,47
X. Dep. de Orientación, Coordinación ENDL, CRA, responsable de centros menos de 3 unidades				€72,66
Centros de Educación Secundaria, FP e Réxime Especial				
Dirección	€695,17	€598,78	€542,04	€490,71
<i>O complemento de dirección é o único parcialmente consolidábel en función do tempo de permanencia no cargo: 4 anos: 25%. 8 anos: 15%. 12 anos: 20%. Consolidación máxima: 60%</i>				
Vicedirección, X. Estudos e Secretaría	€305,82	€299,89	€216,16	€186,27
X. de Departamento, Coordinacións, EPAPU e ENDL				€72,66
Complemento para Mestres/as no 1º Ciclo da ESO				€119,96

Outros postos de traballo

Membro dun Equipo de Orientación Específico	€305,82
CAFI-CEFORES. Dirección	€598,78
CAFI-CEFORES. Asesoría	€305,82

Sexenios

1º Sexenio	2º Sexenio	3º Sexenio	4º Sexenio	5º Sexenio
€64,84	€83,36	€111,17	€157,46	€46,30

Pagas Extraordinarias

A paga extra componse do **salario base recortado** (Grupo A2: 765,83€ e grupo A1: 749,38€), os **trienios recortados** (Grupo A2: 27,79€ e grupo A1: 28,85€ e o resto dos **conceptos retributivos completos** (destino, específico, titoría, cargos).

Descontos

Concepto	Grupo A1	Grupo A2
Pasivos*	€112,91	€88,86
Muface*	€49,43	€38,91
Cota obreira	Segundo base de cotización (persoal interino e funcionariado de carreira desde 2011)	
Retencións IRPF	Segundo retribucións anuais e situación persoal	

*Nas nóminas de xuño e decembro, nas que se inclúen as extras, a cota de Pasivos e MUFACE é dupla

Digan o que digan os nosos salarios seguen sen recuperarse

Se lle facemos caso aos comunicados da Consellaría de Educación, emitidos directamente ou a través de medios ou organizacións afíns, semellaría que os salarios do profesorado non paran de subir e que xa recuperamos todo o que nos deben os distintos gobernos, galegos e estatais. Nada máis lonxe da realidade: ambos gobernos seguen sen devolvernos o que nos roubaron durante a crise anterior e o que se aumentou nas nosas retribucións non permite falar honestamente de recuperación.

É ben certo que estes gobernos se ven axudados polos sindicatos que venden acordos cualificados de recuperación ou homologación salarial e que, meses despois, algúns deles recoñecen que non son tal e que **seguímos á cola dos salarios no estado español**.

Na CIG-Ensino fomos totalmente críticos cos dous últimos acordos retributivos e temos que cubrir, practicamente en solitario, o labor de desmontaxe da mentira para que quen manchou as mans con acordos que nos hipotecan, teñan diante súa un espello no que se mirar e, se aínda teñen algo de vergoña, preguntarse “por que chegamos a estes acordos renunciando a esixir todo o que nos deben?”

Dous acordos retributivos para unha mesma estafa


Os nosos salarios subirán un 0,9% no 2021, que seguramente percibiremos na nómina de febreiro mais con carácter retroactivo desde xaneiro.

A maiores desta “grande” suba tamén será incluído o último pago do acordo retributivo docente asinado por CCOO e UGT, 30€ brutos.

Cobramos máis que o ano pasado, por suposto, mais iso quere dicir que nos pagan o que nos deben?. Rotundamente, **NON**.

Haberá quen prefira mirar para outro lado e vender pequenos avances como panacea. Desde a CIG, non. O sindicato non esquece como tampouco o fai o profesorado. Solicitamos un plan para negociar a

Evolución IPC-Salarios 2010-21



débeda salarial contraída pola Xunta de Galiza cos recortes salariais, especialmente o **complemento específico ou equivalente** en anos atrás, sendo a Xunta do PP unha das administracións que impuxo **os maiores recortes en todo o estado entre os anos 2013 e 2017**.

As contas desde o 2010 ao 2021: nos nosos petos un 9,25% menos

Toda comparativa salarial que fagamos debe partir do momento en que o goberno do PSOE no estado español decidiu cumprir fielmente os ditados da Unión Europea e meteu unha tallada dunha media do 5% dos salarios dos e das empregadas públicas do Estado: o ano 2010. Sen esquecer os recortes que viñeron a posteriori da man do PP.

Segundo datos oficiais do INE a evolución dos prezos entre o ano 2010 e o 2020 supuxo un incremento do prezo da vida do 13,27%. É dicir, para falar de recuperación do poder adquisitivo teríamos que ter unha suba salarial superior a este 13,27% desde o 2010, e esta só foi dun 4,02%, o cal quere dicir que **levamos perdido nos nosos petos un 9,25% de poder adquisitivo nesta década**.

A estafa galega. Seguimos á cola do Estado nas nosas retribucións

Segundo informes de sindicatos estatais, incluso dun dos asinantes do “acordo galego de equiparación”, as retribucións do profesorado galego seguen na mesma situación ao respecto do resto de CC.AA, tal e como xa denunciabamos desde a CIG Ensino durante a súa negociación.


Tal foi así que houbo unha negativa rotunda a falar de poder adquisitivo perdido ou de recuperación das pagas extras recortadas desde 2013 a 2016.

O que nos parece verdadeiramente insultante é ver como algún dos sindicatos asinantes do acordo galego segue a preocuparse de facer sumas e sumas de todos os pequenos incrementos salariais para ver se así son quen de convencernos de que temos as mellores subas posibles e que, practicamente, nadamos na abundancia.

Sumar a suba estatal coa suba do Específico Docente é un insulto á intelixencia de todas e todos nós. Quen se preocupa de sumar tanto debe ter claro que, por separado, cada un deses acordos non hai por onde collelos.

Con todo, e para que cada un de nós saque as súas propias conclusións, animamos a todo o profesorado a un exercicio ben simple: calculemos un incremento do 13,27% sobre a nosa nómina de xaneiro de 2010 e despois miremos a primeira nómina ordinaria deste 2021 (probabelmente a de marzo). Fagamos a comparativa sen ter en conta os

Diferenzas retributivas unha vez completada a suba de 90€ en xaneiro de 2021. Cálculo medio con docentes sen antigüidade dos corpos de PES e Mestres. Téñense en conta as actuais retribucións das demais CC.AA. sen contar con posibles incrementos no resto das CC.AA. até esa data.



trienios, sexenios ou cargos que poidamos ter agora e non tiñamos no 2010. Aí está a constatación da estafa. En cómputo anual, e contando todas as subas habidas e por haber, o salario dun mestre terá subido a finais de 2020 un 5,44% e o dunha profesora de secundaria un 3,28%. Nada máis e nada menos que **un 4,36% e un 5,52% de recorte non recuperado no corpo de mestres e no de PES respectivamente.**

O persoal substituto, penalizado un ano máis

Por **décimo ano consecutivo** o profesorado substituto que traballou máis de cinco meses e medio seguirá sen ter dereito a cobrar os meses de verán como expresamente se recolle no “acordo” suscrito por outras organizacións sindicais e a Consellaría de Educación. Ese cobro dos meses de verán foi un logro da loita co colectivo de persoal interino na folga convocada no ano 2007 ao que nestes anos renunciaron de feito as propias organizacións que deron respaldo a aquel acordo.

A CIG-Ensinonon o asinou porque, tal e como denunciou o propio colectivo de persoal interino en folga naquela altura, non se cumpriu o outro obxectivo fundamental que nos levou ás mobilizacións: a **incorporación dunha cláusula de estabilidade no mantemento do emprego para, como mínimo, o persoal de maior idade ou maior antigüidade.**

Lamentamos que nestes dez anos se fosen incorporando diferentes addendas ao acordo de persoal interino, sempre para solucionar problemas da administración, sen que as organizacións asinantes non fixesen nada ao respecto.

Neste ano 2021 a Lei de Orzamentos da Xunta volve incorporar a negativa a ese pago, nun claro incumprimento dos motivos que o propio goberno galego fixou para perpetrar aquel recorte.

**AFÍLIATE PARA SERMOS MÁIS
FORTES NA DEFENSA DOS NOSOS
DEREITOS LABORAIS E SALARIAIS**

Feijóo, á cabeza da débeda co funcionariado no Estado

Galiza mantense neste momento como **a única comunidade na que os cartos das pagas extras dos anos 2013, 2014, 2015 e 2016 non se lle devolveron** ás empregadas e empregados públicos. A maioría das demais CC.AA. non fixeron eses recortes a partir de 2013 e Cataluña aprobou no ano 2019 a devolución gradual das pagas extras recortadas.

A CIG-Ensino valorou que eses recortes suporían unha **media lineal de 6.300€** que habería que restituír a todo o profesorado galego. En casos de docentes con moita antigüidade, cargos directivos, etc, a cifra dispárase.

O goberno español mantén o recorte nas pagas extras

O goberno do Estado manterá no 2021 as pagas

extras recortadas en dous conceptos que dependen do Estado, o **salario base e os trienios**. Este recorte aplicouno tamén o PSOE no ano 2010 e mantívoo o PP durante todo os anos seguintes. Agora o goberno de coalición PSOE-UP mantén eses recortes.

A CIG trasladou esta demanda á anterior Ministra de Política Territorial e Función Pública, Carolina Darias, nunha entrevista previa á aprobación dos orzamentos así como na Mesa Xeral das Administracións Públicas mais a negativa ou o silencio foron as únicas respostas.

Facendo contas cos datos do que serán as extras deste 2021, **unha mestra con 8 trienios manterá un recorte anual de 733,74€** mentres que para un **docente de secundaria** con esa mesma antigüidade **o recorte chegará aos 1.216,26€ anuais**.

RECORTES ANUAIS NAS PAGAS EXTRAS (DOCENTE CON UN TRIENIO)					
	Soldo mensual ordinario	Soldo na paga extra 2021	Diferenza en cada extra	Recorte anual soldo	RECORTE ANUAL NAS EXTRAS
SUBGRUPO A1	1.214,39 €	749,38 €	465,01 €	930,02 €	965,80 €
	Trienio ordinario	Trienio nas pagas extras	Recorte por trienio na extra	Recorte anual trienios	
	46,74 €	28,85 €	17,89 €	35,78 €	
SUBGRUPO A2	Soldo mensual ordinario	Soldo na paga extra 2021	Diferenza en cada extra	Recorte anual soldo	RECORTE ANUAL NAS EXTRAS
	1.050,06 €	765,83 €	284,23 €	568,46 €	589,12 €
	Trienio ordinario	Trienio nas pagas extras	Recorte por trienio na extra	Recorte anual trienios	
38,12 €	27,79 €	10,33 €	20,66 €		

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal